

## CIENCIAS SOCIAIS.

Esta semana imos a comenzar un novo tema, o tema 5.

Tedes dúas misións:

-1ª .A continuación déixovos un pequeno resumo que tedes que ler e intentar memorizar con calma ao longo da semana para familiarizaros co tema.

-2ª.Unha parte práctica na que imos a intentar ser arqueólogos. Pódedes realizala en papel, cartulina ou no soporte que elixades .Intentaremos enseñalos na clase , gardadeos como parte da vosa historia.

### QUE É A ARQUEOLOXÍA?

A arqueoloxía é a ciencia que estuda a conduta, o comportamento e as crenzas dos seres humanos a través do exame dos restos materiais que o home deixou ao longo do tempo.

As persoas encargadas destes estudos son os arqueólogos.

Estes materiais que investigan os arqueólogos son de variadas formas e tamaños; poden ser desde pequenos obxectos como vasillas de barro ou puntas de frechas, ata grandes edificacións como pirámides, pontes e templos.



Arqueólogos explorando un antigo cemiterio (2012) Vía Wikimedia Commons.

A Arqueoloxía é unha ciencia auxiliar da Historia.

As fontes históricas son calquera testemuño (escrito, oral, material) que permite a reconstrución, a análise e a interpretación dos acontecementos históricos.


Hai distintos tipos de fontes históricas:

fontes gráficas:pinturas, imaxes, fotografías...etc.

fontes orais:lendas ,relatos, cancións...etc.

fontes escritas:contos,documentos, ...etc.

fontes materiais: ósos, restos de obxectos, restos de sementes,...etc.



## QUE É A HISTORIA?


A Historia é a ciencia que ten como obxecto de estudo o pasado da humanidade.

A Historia da humanidade divídese en dous períodos: a Prehistoria e a Historia.

1. A Prehistoria, que abarca varios millóns de anos, é o período comprendido entre a aparición dos homes e a invención da escritura.

2. A Historia é o período comprendido entre a aparición da escritura, hai aproximadamente 5000 anos, e a actualidade.

Etapas da Historia.



## A PREHISTORIA.

A prehistoria é o tempo que vai desde desde a orixe do ser humano no planeta Terra ata que o ser humano inventou a escritura.

Os seres humanos non sempre souberon escribir e foron moitísimos os anos que tiveron que pasar ata que apareceron as primeiras formas de escritura.

A prehistoria empezou fai aproximadamente 5 millóns de anos e acabou cando o ser humano empezou a escribir

A prehistoria divídese en varias etapas:




## PRÁCTICA.

Agora, imos a intentar xogar a ser arqueólogos nas vosas casas .

Tedes a difícil misión de buscar restos: materiais (chupetas, bibes, roupa,..); orais (detalles que vos contan mamá, papá, avós,..); escritos ( documentos do voso nacemento, primeiros textos escritos, contos,..) e gráficos( debuxos, fotos,..)da vosa historia. Podedes pedirlle axuda as vosas familias.

1. Completa esta liña do tempo con catro acontecementos importantes da túa vida. Podes informarte con fotos, preguntas á túa familia ou mirando documentos (do colexio, das actividades deportivas que realizaches...).



2. Explica con máis detalle un destes catro acontecementos: que pasou, cando sucedeu, como te sentiches, con quen estabas...

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

